



O ÁLVARO CUNQUEIRO APLICA OS PRINCIPIOS DAS CIENCIAS DO COMPORTAMENTO PARA MELLORAR A RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

- **Levou a cabo un proxecto piloto, en colaboración coa Universidade de Vigo, baseado naqueles factores que condicionan as nosas condutas e tomas de decisións, co obxectivo de progresar na reciclaxe dos residuos**
- **Esta intervención fai especial énfases nos plásticos, máscaras e luvas, que teñen incrementado o seu uso a raíz da COVID-19**

Vigo, 14 de setembro 2020. No marco da estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde, e en colaboración co mster de *Gestión del Desarrollo Sostenible* da Universidade de Vigo, o Hospital Álvaro Cunqueiro ven de deseñar unha intervención para a mellora da recollida selectiva de residuos na contorna hospitalaria. O carácter innovador desta intervención reside en que o seu deseño baseouse na evidencia científica das Ciencias do Comportamento en relación á conduta de reciclaxe.

As Ciencias do Comportamento estudan os procesos que rexen o noso proceder e toma de decisións, e teñen revelado o xeito en que o comportamento ambiental viuse influído en maior medida por pequenos factores, aparentemente irrelevantes, que polas estratexias baseadas na información ou nos incentivos. A intervención foi deseñada en base a estes factores e utilizando estratexias que sistematicamente tense mostrado eficaces á hora de influír na conduta de reciclaxe.

Esta proba piloto, que se implementou en tres puntos concretos do hospital, ten como obxectivo medir e comparar as melloras na segregación de residuos, facendo énfases nos plásticos, máscaras e luvas, que teñen incrementado o seu uso a raíz da COVID-19. Unha vez realizada a intervención, procederase a avaliación dos resultados e á valoración da súa extensión a outros puntos do hospital.



Esta é unha das propostas de redución de impacto ambiental que forman parte do proxecto de sostibilidade medioambiental da Área Sanitaria de Vigo.

